

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A FUNDACIÓN MENIÑOS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA SEXUAL EN GALICIA.

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, establecendo ademais no seu artigo 3 apartado d) que a violencia sexual é unha forma máis de violencia de xénero.

Pola súa banda, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller, incluíndo tamén a violencia sexual, e en concreto medidas tales como o deseño de programas de prevención, detección e protocolos especializados en atención e actuación para casos da violencia sexual, así como accións de promoción e desenvolvemento de programas integrais de atención á violencia sexual, e a necesidade de traballar para mellorar o acceso á prevención, protección, atención integral e recuperación da vítimas desta violencia.

As medidas 183 e 184 do Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero recollen o deseño de programas de prevención, detección e protocolos especializados en atención e actuación, adaptados aos casos da violencia sexual, así como as promoción e desenvolvemento de programas integrais de atención á violencia sexual en todo o territorio.

Polas súa banda, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero aprobada no Senado establece na súa medida 172 a necesidade de traballar coas Comunidades Autónomas para mellorar o acceso á prevención, protección, atención integral e recuperación ás vítimas de Violencia Sexual.

(2) Antecedentes:

A Fundación Meniños conta cunha longa traxectoria no traballo de ámbito social, fundamentalmente con menores, pero tamén con mulleres e familias vítimas da violencia de xénero. No ano 2018 puxo en marcha unha unidade de intervención: “LIANA: laboratorio de investigación en apego e narrativa”, única en Galicia, dirixida a mulleres vítimas de abuso e violencia sexual, a familiares ou persoas do entorno destas, así como aos equipos profesionais da



rede que traballan con mulleres vítimas de violencia de xénero, unidade que dende xaneiro 2019 está en disposición de prestar atención a vítimas da violencia sexual nas catro provincias.

(3) Finalidade:

Para os efectos sinalados, con data 7 de xuño de 2019 formalizouse co a FUNDACIÓN MENIÑOS, o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019..

(4) O obxecto deste convenio é O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia e Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, e a Fundación Meniños, para o posta en marcha e o mantemento dun dun programa de intervención con mulleres vítimas de violencia sexual en Galicia.

A Fundación Meniños comprométese a desenvolver a través de profesionais especializados/as, o programa de atención e intervención con mulleres vítimas de violencia sexual en Galicia, coa finalidade de ofertar recursos terapéuticos especializados que posibiliten e mellores a recuperación das vítimas.

As persoas beneficiarias deste programa poderán ser as vítimas de abuso e violencia sexual en Galicia así como os seus a familiares ou persoas do seu entorno precisas para lograr a súa recuperación integral. Tamén serán beneficiarios os equipos profesionais da rede que traballan con mulleres vítimas de violencia de xénero, que poderán recibir asesoramento e formación profesional no eido da violencia sexual.

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, de cara a mellorar a atención que se presta ás mulleres vítimas de violencia sexual en Galicia, estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa A Fundación Meniños, para a posta en marcha dun programa de intervención especializada con mulleres vítimas de violencia sexual que terá carácter gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de abuso e violencia sexual, así como os seus a familiares ou persoas do seu entorno precisas para lograr a súa recuperación integral, unha atención



e intervención personalizada e especializada a través de profesionais con formación específica que, de xeito gratuíto, realizarán un diagnóstico da situación e a terapia máis axeitada a cada caso.

(6) Aplicacións orzamentarias:

05.11.313D.481.2 (código de proxecto 2018 000112) enmarcada nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade), correspondentes á CCAA de Galicia

Contía total: 50.000 € (cincuenta mil euros).

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

